BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

SÁBADO, 23 DE XANEIRO DE 2021 N.º 018

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Advertido un erro no anuncio publicado no BOP num 298, de data 29 de decembro de 2020, corríxese na seguinte forma:

Onde di:

6	OPERACIÓNS DE CAPITAL Investimentos reais.	245.390,97

Debe dicir:

6	OPERACIÓNS DE CAPITAL Investimentos reais.	232.673,17

Castroverde, 18 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 0117

COSPEITO

Anuncio

BASES PARA A PROVISIÓN DE 2 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES E 1 PRAZA DE PEÓN CONDUCTOR PARA O CONCELLO DE COSPEITO AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición 2 prazas de peóns de servizos múltiples e 1 praza de peón conductor (categoría PEON) para o concello de Cospeito ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Unico de Cooperación cos Concellos 2020 da Deputación Provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Fomento do emprego" polo que se achega ao concello de Cospeito a Cantidade de 34.000€.

O proceso selectivo será o concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (en diante TRLEBEP).

2.- TEMPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

A modalidade de contratación será a de contrato de traballo de duración determinada a xornada completa.

A duración do contrato será de 7 meses .

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

3.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Esta contratación laboral rexerase polo disposto:

- No artigo 15.1, a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

-Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aaínda vixentes e que sexan básicas).

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.

- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.

-Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

-Real Decreto 896//1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demáis disposicións aplicables.

-Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatiblidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.

-Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Asemesmo esta contratación rexerase polo establecido no Plan único de Colaboración cos concellos da Deputación Provincial de Lugo.

4.- FINANCIAMENTO.

As presentes contratacións están financiadas pola subvención concedida polo establecido nas Bases reguladoras do Plan Provincal único de Cooperación cos concellos 2020 da Deputación Provincial de Lugo ó Concello de Cospeito para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa fomento do emprego 2020.

5.- PUBLICIDADE.-

As presentes bases serán publicadas na páxina web do concello, no Taboleiro de Anuncios, na páxina web da Deputación Provincial de Lugo e, en extracto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

a) Idade: Ter cumplidos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Titulación: -Título de Certificado de escolaridade ou equivalente,

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

c) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade:Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación:Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Incompatibilidade:Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma,e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

h) Certificación expedida polo Servicio Público de Emprego na que acredite que é demandante de emprego.

PARA PEÓN CONDUCTOR:

- Estar en posesión do permiso de conducir tipo C, además dos requisitos anteriormente mencionados .

7.- FUNCIÓNS.

- Os postos están vinculados a área de traballos de operario conductor e operario de Servizos múltiples do concello de Cospeito, e adcritos ó funcionamento e mantemento de todalas instalacións de propiedade municipal e en especial vías públicas, parques e xardíns, redes de auga e alcantarillado, mobiliario urbano, de que é titular o Concello.

- Calquer outro cometido que seña encargado pola Alcaldía de natureza semellante as funcións anteriormente relacionadas que puideran xurdir no servizo polo que deberá estar preparado para calquera urxencia e localizable por medio de teléfono móvil para respostar a calquera incidencia que se produza no mesmo.

A xornada laboral podorá coincidir en domingo e festivo.

A Corporación reservase a facultade de establecer no horario as modificacions que se consideren oportunas para o mellor desempeño do servizo, según as necesidades que xurdan, respetando as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descansos

8.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Concurso-oposición.

Garantizarase a publicidade da convocatoria así como o cumplimento dos principios de libre concorrencia, mérito e capacidade.

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia solicitando formar parte no proceso selectivo dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito, debidamente cubertas segundo o anexo I, durante o prazo de 5(cinco) días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público e Lei 39/2015, de 1 outubro, do procedemento administrativo comun as administracións publicas. Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse por fax (982-520102) ó Concello de Cospeito unha copia da instancia o mesmo día de presentación no rexistro correspondente.

Xunto coa instancia presentarase a seguinte **documentación** (orixinal ou compulsada) **:**

- Fotocopia do DNI do interesado ou documento equivalente.

- Titulación académica. Fotocopia do Título de Graduado Escolar ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.

- Fotocopia da documentación acreditativa de méritos que se alegan, e que se sinalan no baremo nos termos sonalados na cláusula 10B.

- Fotocopia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso.

- Certificación expedida polo Servicio Público de emprego no que acredite que é demandante de emprego.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, outorgando un prazo de 2 días hábiles para correcións ou emenda de defectos. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello.

9.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a resolución de alcaldía que se dicte, debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concurran neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente art. 23 da Lei 40/2015 RXSP . Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

4. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan subscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea

previsto nas Bases.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6. O tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes non seleccionados se establecerá unha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

7. O tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.

8. A Resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos e da proba práctica, publicarase no tablón de edictos do concello.

10- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección é o de concurso-oposición.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requerir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

A) FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima 12 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albañilería, fontanería, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada cas funcions do posto, durante o tempo que se determine polo Tribunal. Nesta proba valoraráse especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante.

B) FASE DE CONCURSO: puntuación máxima 6 puntos.

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima 4 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como PEON en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como PEON en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

c) Experiencia profesional en traballos como OFICIAL -PRIMEIRA en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

A experiencia profesional acreditarase coa copia compulsada dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado.

2. CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS A DESEMPEÑAR: puntación máxima 1 puntos.

- Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demáis entes de similar condición á

anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

 Duración de 51 a 150 horas, a razón de 0,50 puntos/curso.

 Duración de 151 a 300 horas, a razón de 0,75 puntos/curso.

Acreditarase a formación coa **copia compulsada** dos diplomas dos cursos realizados.

3. COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: puntuación máxima 1 punto.

- Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

 Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.

 Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos.

 Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto.

No caso de posuír maís dun curso dos enumerados, valorarase solamente o de maior puntuación.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a otorgar nesta fase de 4 puntos, sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da listaxe de reserva.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no exercicio da fase de oposición.

2. Puntuación obtida na fase de concurso.

11. PROPOSTA DE NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

Finalizado o procedemento selectivo, e establecida polo Tribunal a orde de preferencia dos candidatos segundo a puntuación obtida no dito proceso e o resultado dos recoñecementos médicos efectuados, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Alcaldía-Presidencia que ditará resolución de contratación.

12.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE PROBA.

No tempo que medie entre a formalización do respectivo contrato e a incorporación do candidato ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requeridas polo interese do servizo, dacordo coa legislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba, coa alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á legislación laboral pertinente.

O contrato de traballo formalizarase cos aspirantes seleccionados, os cales deberán presentar a seguinte documentación no prazo de **2 días hábiles** a contar dende a publicación do resultado da selección:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentencia firme (Anexo II).

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

- Declaración do número de conta bancaria (IBAN).

13.- LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborarase unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes presentadas ao dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período de contratación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

Cospeito, 15 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PRAZA

-PEON SERVIZOS MULTIPLES

D./Dª. -_____, con

DNI nº_____e domicilio en -_____,

teléfono nº _____ .

EXPÓN:

1.- Que enterado/a da convocatoria realizada polo Concello de Cospeito para cubrir, mediante concurso-oposición, unha praza de peon de servizos multiples, o prazo previsto nas bases.

2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.

3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.

- Copia compulsada da titulación académica correspondente.

-Vida laboral actualizada.

- Documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co establecido

nas bases da convocatoria. (Especificar a relación dos mesmos)

- Acreditación do coñecemento do idioma galego, de ser o caso.

- Permiso de conducir tipo B, de ser o caso.

En base ao exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Cospeito, a ____ de _____ de 2021.

Asdo.: _____.

A/A: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL Concello de Cospeito

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PRAZA

-PEON CONDUCTOR

D./Dª. -_____, con

DNI nº_____e domicilio en -_____,

teléfono nº _____ .

EXPÓN:

1.- Que enterado/a da convocatoria realizada polo Concello de Cospeito para cubrir, mediante concurso-oposición, unha praza de peon de servizos multiples, o prazo previsto nas bases.

2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.

3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.

- Copia compulsada da titulación académica correspondente.

-Vida laboral actualizada.

- Documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co establecido

nas bases da convocatoria. (Especificar a relación dos mesmos)

- Acreditación do coñecemento do idioma galego, de ser o caso.

- Permiso de conducir tipo C .

En base ao exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Cospeito, a ____ de _____ de 2021.

Asdo.: _____.

A/A: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL Concello de Cospeito

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

ANEXO II

D./dona _____, con D.N.I. n.º _____
con domicilio a efectos de notificación en_____

DECLARA baixo xuramento:

– Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.

– Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

– Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentencia firme.

Cospeito, a ____ de _____ de 2021

Asdo.: _____.

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

Cospeito, 15 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0118

LOURENZÁ

Anuncio

O Pleno do Concello de Lourenzá na sesión ordinaria celebrada o día 19/11/20 acordou aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN da ORDENANZA FISCAL NÚM. 20 REGULADORA DA TAXA PUNTO ATENCIÓN INFANCIA MENIÑOS. GRATUIDADE SEGUNDOS FILLOS E SUCESIVOS, resultando que dita modificación foi exposta ó publico polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP. núm. 272 de 26/11/2020, transcorridos dende o día 27/11/20 ata o día 15/01/21, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto íntegro da ordenanza que se se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

"*PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redacta e que figura transcrita "ut supra" e en consecuencia , adoptar o acordo de GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA no PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA "MENIÑOS" para os segundos/as fillos/as e sucesivos a partires do ano 2021.*

SEGUNDO.- Modificar o Artigo 7.- Beneficios Fiscais, da Ordenanza Fiscal núm.20 Reguladora da Taxa do Punto de Atención á Infancia, engadindo a letra B , coa seguinte redacción: "B.- Gratuidade a partir do 2.º fillo/a e sucesivos da unidade familiar. Deberá ser acreditado documentalmente."

"Artigo 7.- Beneficios Fiscais,

B.-) Gratuidade a partir do 2.º fillo/a e sucesivos da unidade familiar. Deberá ser acreditado documentalmente."

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Lugo,con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lourenzá,18 de xaneiro do 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0119

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Por Decreto nº 218/2020, do 3 de decembro, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 253/2020 de 17 de decembro, declárase a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras do proxecto denominado **Parque do Barrio do Hospital,** aos efectos previstos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

En cumprimento e execución da disposición citada e do **Acordo adoptado no Pleno do Concello de Monforte de Lemos en sesión de 24 de febreiro de 2020** e demais antecedentes e normas aplicables, anúnciase o levantamento de Actas Previas á ocupación, a que se refire o apartado 2º do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, que terá lugar o día 15 de febreiro do 2021 ás 13:30 horas, na Casa do Concello de Monforte de Lemos, sen prexuízo de que o equipo técnico-administrativo se traslade, si é necesario, ao lugar no que se atopen situados os bens obxecto de expropiación e para cuxos actos cítase aos propietarios, aos demais afectados e a cantas persoas ou entidades poidan ostentar dereitos sobre tales bens.

As Actas levantaranse aínda no suposto de que non concorran os propietarios e demais interesados ou quen debidamente lles representen.

A tales efectos poderán concorrer persoalmente ou debidamente representados, acreditando a súa personalidade e podendo facerse acompañar a súa costa de Perito e Notario, debendo aportar a documentación precisa respecto á titularidade dos dereitos que aleguen (títulos rexistrais, cédulas de propiedade, recibos de contribución, etc.).

En aplicación do disposto no artigo 56.2 do Regulamento para aplicación da Lei de Expropiación Forzosa, os interesados poderán formular escrito dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Monforte, con cantas alegacións estimen pertinentes ata o levantamento das Actas Previas e so aos efectos de emendar os posibles erros que se puidesen padecer ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación, non sendo procedentes calquera outros recursos ou reclamacións, que se entenderán diferidas ao momento procedimental posterior.

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

A relación identificativa dos bens e dereitos afectados é a que segue:

Nº no plano	Referencia catastral	Propietario	Cultivo	Superficie a expropiar (m²)
1	1697007PH2019N0001AT	GAS MONFORTE S.L.	Prado	6.212

Monforte de Lemos, 18 de xaneiro de 2021.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0130

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE DECEMBRO 2020.

Por Resolución de alcaldía de catorce de xaneiro de 2021 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes,entendéndose defintivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A)Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 15 de febreiro de 2021 ao 15 de abril de 2021,** ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 15 de febreiro de 2021 ao 15 de abril de 2021,** ámbolos dous inclusive**.**

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a quince de xaneiro de dous mil vinte e un .

A Pontenova, 18 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0120

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 18.01.2021 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 18.01.2021 aprobou as bases para seleccionar **3 PEÓN DE OBRAS.**

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 6 meses
- Xornada: parcial ao 75% da xornada.
- Salario: a retribución mensual bruta será de 821,25 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 18 de xaneiro de 2020.- o ALCALDE, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0126

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 18.01.2021 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 18.01.2021 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓN DE OBRAS.**

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 6 meses
- Xornada: COMPLETA
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.108,23 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 18 de xaneiro de 2020.- o ALCALDE, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0127

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 18.01.2021 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 18.01.2021 aprobou as bases para seleccionar **1 PRAZA OFICIAL DE PRIMEIRA DE OBRAS.**

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.185,00 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de oficiais de primeira de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 18 de xaneiro de 2020.- o ALCALDE, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0128

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

XOVE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2021

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2.021, por acordo adoptado en sesión celebrada o 14 de decembro de 2021, agora elevado a definitivo por Resolución de Alcaldía ao non terse interposto reclamacións no prazo de exposición ao público. Dando cumprimento ao que dispón o artigo 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito Orzamento ascende, tanto no seu Estado de Gastos como no seu Estado de Ingresos a SETE MILLÓNS NOVECENTOS TRINTA E CINCO MIL EUROS (7.935.000,00 €), correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se recollen, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	3.087.450,00
2	Gastos en bens correntes e servicios	3.046.450,00
3	Gastos financeiros	3.000,00
4	Transferencias correntes	541.000,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimento Real	1.257.100,00
	TOTAL GASTOS.....	7.935.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos Directos	3.900.000,00
2	Impostos Indirectos	12.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.481.337,59
4	Transferencias correntes	1.285.900,00
5	Ingresos patrimoniais	13.600,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	242.162,41
	TOTAL INGRESOS.....	7.935.000,00

Igualmente faise pública a Plantilla de Personal, aos efectos previstos no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril.

Apartado 1.º FUNCIONARIOS

FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL

DEN. PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	CATEGORIA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Secretario	H.N.	Secretaría	Entrada	A1	1	Ocupada
Interventor	H.N.	Intervención	Entrada	A1	1	Ocupada

FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE ADMÓN. XERAL. SUBESCALA TÉCNICA

DEN. PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Técnico de Administración Xeral	A.Xeral	Técnica	A1	1	Vacante

FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE ADMÓN. XERAL. SUBESCALA ADMINISTRATIVA

DEN. PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Administrativo A.X.	A.Xeral	Administrativa	C1	1	Ocupada
Administrativo A.X.	A.Xeral	Administrativa	C1	1	Ocupada
Administrativo A.X.	A.Xeral	Administrativa	C1	1	Vacante

FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE ADMÓN. XERAL. SUBESCALA AUXILIAR

DEN. PRAZA	ESCALA	SUBESC.	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Aux. administ. A.X.	A.Xeral	Auxiliar	C2	4	Vacantes

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ADMÓN. XERAL. SUBESCALA SUBALTERNA

DEN. PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Alguacil	A.Xeral	Subalterna	E	1	Ocupada

FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE ADMÓN. ESPECIAL. SUBESCALA TÉCNICA

DEN. PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Técnico de Cultura e Comunicación	A.Especial	Técnica	A1	1	Ocupada
Sociólogo	A. Especial	Técnica	A1	1	Vacante
Educador familiar	A. Especial	Técnica	A2	1	Vacante

FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE ADMÓN. ESPECIAL. SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS

DEN. PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Encargado de brigada de obras e mantemento	A.Especial	Servizos especiais	C1	1	Vacante

Apartado 2.º PERSOAL LABORAL

PERSOAL LABORAL GRUPO A1

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	A1	1	Vacante

PERSOAL LABORAL GRUPO A2

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Educador escola infantil	A2	3	Vacante
Técnico de RR.HH	A2	1	Ocupada
Traballador Social	A2	1	Ocupada
Arquitecto Técnico	A2	1	Ocupada

PERSOAL LABORAL GRUPO C1

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Administrativo	C1	2	Ocupada
Oficial de mantemento	C1	1	Ocupada

PERSOAL LABORAL GRUPO C2

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Aux. Administrativo	C2	2	Ocupada
Telefonista	C2	1	Ocupada
Oficial de suministros	C2	1	Ocupada
Oficial electricista	C2	2	Ocupada
Oficial de fontanería	C2	3	Ocupada
Oficial de mantemento	C2	2	Ocupada
Oficial de mantemento	C2	1	Vacante
Oficial de Pintura	C2	2	1 Vacante
Oficial de albanelería	C2	1	Ocupada
Condutor-encargado	C2	1	Ocupada
Condutor-tratorista	C2	2	Ocupadas
Condutor	C2	1	Ocupada
Condutor palista	C2	1	Ocupada
Soldador	C2	1	Vacante
Xardiñeiro	C2	1	Vacante
Auxiliar de servizos sociais	C2	2	Vacantes
Monitor de natación	C2	2	Ocupada
Socorrista	C2	1	Ocupada
Masaxista-socorrista	C2	1	Ocupada
Monitor de ximnasia	C2	1 Xornada 64%	Vacante
Entrenador de ximnasia rítmica	C2	1 Xornada 10%	Vacante

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

PERSOAL LABORAL GRUPO AP

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Vixiante	AP	6	Ocupada
Coidador escola infantil	AP	4	Vacantes
Recepcionista	AP	1 Xornada 64%	Ocupada
Conserxe	AP	1	Ocupada
Recepcionista	AP	2 Xornada 66.67%	Ocupada
Operario de limpeza viaria	AP	2	1 Vacante
Operario de limpeza	AP	3	Ocupada
Operario de limpeza	AP	2 Xornada 53.33%	Vacantes
Operario de limpeza	AP	4 Prazas fixas discontinuas	Vacantes
Operario de limpeza	AP	2	Vacantes
Operario punto limpo	AP	1	Vacante
Operario de servizos múltiples	AP	2	Vacantes

Consonte ao establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, dase publicidade á masa salarial do persoal laboral do sector público local, que ascende a 1.727.802,15 euros.

Xove 18 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0121

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. DAVID SANTOS RÍO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 497 /2020 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D.ª MARÍA MILAGROS GARCÍA VEGA contra la empresa D.ª MARÍA MERCE CABOALLES PÉREZ, sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

"Estimo a demanda. Declaro a improcedencia de despedimento de 9-3-2020 podendo optar a demandada, en prazo de cinco días, entre readmisión con abono de salarios de tramitación ou pago de indemnización de 992,95 euros (data de inicio: 19/06/2019, data de finalización: 09/03/2020, número de días: 265, número de meses: 9, salario bruto mensual de 1220,29, salario diario de 40,12 euros).

Notifíquese esta sentenza ás partes e advírtase de que non é firme, xa que contra a mesma cabe interpoñer recurso de SUPLICACIÓN para ante a SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, debendo no seu caso, anunciar o propósito de facelo dentro dos cinco días seguintes á notificación da mesma, por conduto deste Xulgado, bastando para iso a mera manifestación da parte ou do seu avogado ou representante ao facerlle a notificación da sentenza, do seu propósito de establecer o recurso, podendo tamén anunciarse o recurso por comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado ou representante ante este Xulgado e no indicado prazo e, se fose a empresa demandada quen o fixese, acreditando, ao anunciar o recurso, consignar a cantidade obxecto da condena na conta de "depósitos e consignacións" aberta a nome deste Xulgado do Social na Entidade Banco Santander (antes Banesto), oficina principal. Cta. núm. 2323000065049720, podendo substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval bancario, no que consta a responsabilidade solidaria do avalista. Así mesmo, se fose a empresa demandada quen tentase interpoñer o recurso de SUPLICACIÓN, deberá consignar o depósito de 300,00 euros, na conta corrente denominada "recurso de suplicación" que, co núm. 2323000065049720 mantén este Xulgado do Social na mesma Entidade Bancaria, debendo o recorrente entregar na Secretaria do Xulgado o correspondente resgardo ao tempo de interpoñer o recurso de suplicación.

Así o pronuncio e asino."

Y para que sirva de notificación en legal forma a D.ª MARÍA MERCE CABOALLES PÉREZ, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

LUGO, quince de enero de dos mil veintiuno.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**.

R. 0122

Anuncio

D. DAVID SANTOS RÍO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 669 /2020 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D. MIGUEL ÁNGEL LAMAS PITA contra la empresa AMYS INGENIERIA SL, sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

"Estimo a demanda. Declaro improcedente o despedimento de 29-7-2020 podendo optar a demandada, en prazo de cinco días, entre readmisión con abono de salarios de tramitación ou pagameneto de indemnización de 9359,36 euros (data de inicio: 27/10/2015, data de finalización: 29/7/2020, número de días: 1738, número de meses: 58, salario bruto mensual de 1784,83 euros, salario diario: 58,68 euros). Condeno á demandada a estar e pasar polo anterior pronunciamento. Condeno á demandada a pagar á demandante 1665,72 euros máis xuros do 10% desde o 29 de xullo de 2020.

Notifíquese esta sentenza ás partes e advírtase de que non é firme, xa que contra a mesma cabe interpoñer recurso de SUPLICACIÓN para ante a SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, debendo no seu caso, anunciar o propósito de facelo dentro dos cinco días seguintes á notificación da mesma, por conduto deste Xulgado, bastando para iso a mera 2

manifestación da parte ou do seu avogado ou representante ao facerlle a notificación da sentenza, do seu propósito de establecer o recurso, podendo tamén anunciarse o recurso por comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado ou representante ante este Xulgado e no indicado prazo e, se fose a empresa demandada quen o fixese, acreditando, ao anunciar o recurso, consignar a cantidade obxecto da condena na conta de "depósitos e consignacións" aberta a nome deste Xulgado do Social na Entidade Banco Santander (antes Banesto), oficina principal. Cta. núm. 2323000065066920, podendo substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval bancario, no que consta a responsabilidade solidaria do avalista. Así mesmo, se fose a empresa demandada quen tentase interpoñer o recurso de SUPLICACIÓN, deberá consignar o depósito de 300,00 euros, na conta corrente denominada "recurso de suplicación" que, co núm. 2323000065066920 mantén este Xulgado do Social na mesma Entidade Bancaria, debendo o recorrente entregar na Secretaria do Xulgado o correspondente resgardo ao tempo de interpoñer o recurso de suplicación.

Así o pronuncio e asino."

Y para que sirva de notificación en legal forma a AMYS INGENIERIA, S.L., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, quince de enero de dos mil veintiuno.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**.

R. 0123

Anuncio

D. DAVID SANTOS RÍO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 669 /2020 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D. MIGUEL ÁNGEL LAMAS PITA contra la empresa ACTUACIONES DE MEJORA Y SERVICIOS SL, sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

"Estimo a demanda. Declaro improcedente o despedimento de 29-7-2020 podendo optar a demandada, en prazo de cinco días, entre readmisión con abono de salarios de tramitación ou pagameneto de indemnización de 9359,36 euros (data de inicio: 27/10/2015, data de finalización: 29/7/2020, número de días: 1738, número de meses: 58, salario bruto mensual de 1784,83 euros, salario diario: 58,68 euros). Condeno á demandada a estar e pasar polo anterior pronunciamento. Condeno á demandada a pagar á demandante 1665,72 euros máis xuros do 10% desde o 29 de xullo de 2020.

Notifíquese esta sentenza ás partes e advírtase de que non é firme, xa que contra a mesma cabe interpoñer recurso de SUPLICACIÓN para ante a SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, debendo no seu caso, anunciar o propósito de facelo dentro dos cinco días seguintes á notificación da mesma, por conduto deste Xulgado, bastando para iso a mera manifestación da parte ou do seu avogado ou representante ao facerlle a notificación da sentenza, do seu propósito de establecer o recurso, podendo tamén anunciarse o recurso por

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)

comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado ou representante ante este Xulgado e no indicado prazo e, se fose a empresa demandada quen o fixese, acreditando, ao anunciar o recurso, consignar a cantidade obxecto da condena na conta de "depósitos e consignacións" aberta a nome deste Xulgado do Social na Entidade Banco Santander (antes Banesto), oficina principal. Cta. núm. 2323000065066920, podendo substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval bancario, no que consta a responsabilidade solidaria do avalista. Así mesmo, se fose a empresa demandada quen tentase interpoñer o recurso de SUPLICACIÓN, deberá consignar o depósito de 300,00 euros, na conta corrente denominada "recurso de suplicación" que, co núm. 2323000065066920 mantén este Xulgado do Social na mesma Entidade Bancaria, debendo o recorrente entregar na Secretaria do Xulgado o correspondente resgardo ao tempo de interpoñer o recurso de suplicación.

Así o pronuncio e asino."

Y para que sirva de notificación en legal forma a ACTUACIONES DE MEJORA Y SERVICIOS, S.L., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, quince de enero de dos mil veintiuno.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0124

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento DSP 283/20 deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de Dª AMELIA AIRA VILELO contra a empresa DAMIÁN PEREZ BODEGA DE PEDRO, sobre despido , ditouse auto de aclaración de sentenza, cuxa parte dispositiva se adxunta:

"PARTE DISPOSITIVA.- Acollo a pretensión de rectificación formulada pola demandante.- Declaro que todas as mencións á demandada contidas na sentenza deben entenderse feitas a Damián Pérez Bodega de Pedro SL.- Declaro improcedente o despedimento do 20 de maio de 2020 aínda que con extinción o 4-11-2020 e con obrigación da demandada de abonar salarios ata o 4-11-2020.- Condeno á demandada a abonar á demandante doa Amelia Aira Vilelo as cantidades de: 1) 1608,59 euros (cantidade á que deben aumentarse xuros legais do 10% desde o 31 de marzo de 2020, de conformidade coas previsións do art. 29.3 do Estatuto); 2) 1556,70 euros (cantidade á que deben aumentarse xuros legais do 10% desde o 30 de abril de 2020, de conformidade coas previsións do art. 29.3 do Estatuto); 3) 1608,59 euros (cantidade á que deben aumentarse xuros legais do 10% desde o 31 de maio de 2020, de conformidade coas previsións do art. 29.3 do Estatuto); 4) 1556,70 euros (cantidade á que deben aumentarse xuros legais do 10% desde o 30 de xuño de 2020, de conformidade coas previsións do art. 29.3 do Estatuto).- Contra o presente auto non cabe recurso sen prexuízo do que caiba interpoñer contra a sentenza ditada neste proceso.- Notifíquese ás partes.

E para que sirva de notificación en legal forma á **empresa DAMIAN PEREZ BODEGA DE PEDRO SL** , en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir

LUGO, 15 de xaneiro de 2021.- **A LETRADO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 0129

Anuncio publicado en: Num BOP 18 año 2021 (23/01/2021 08:00:00)